

# ORGANIZACIÓN GALEGA DE COMUNIDADES DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN

## ESTATUTOS

(Aprobados en Asamblea Constituínte o 16 de xaneiro de 1999)

### Capítulo I

#### Artigo 1

a- A crecente complexidade legislativa e de funcións na que se desenvolve a actividade das comunidades de montes veciñais en man común e a toma de conciencia das mesmas do potencial económico, social, cultural e ecolóxico do seu patrimonio para un desenvolvemento harmónico da sociedade galega, induce ás comunidades ó agrupamento nun ámbito máis amplo que lles permita tanto a mellora da xestión como a incidencia nos postulados xerais nos que debe moverse a propiedade veciñal. Destas necesidades nace o aneio da creación dunha Organización Galega de Comunidades de montes veciñais en man común.

b- Os presentes estatutos teñen por obxecto regular o funcionamento da Organización Galega de Comunidades de montes veciñais en man común, ó abeiro do establecido no artigo 15.3 da Lei 13/1989, de 10 de outubro (D.O.G. de 20 de outubro), e no artigo 47 do Regulamento aprobado por Decreto 260/92 do 4 de setembro (D.O.G. de 23 de setembro).

#### Artigo 2

As normas contidas nos presentes estatutos inspíranse no propios estatutos das comunidades de montes, regulados pola lexislación á que fai referencia o artigo anterior, e na experiencia das comunidades e mancomunidades.

### Capítulo II

#### Sobre os fins

#### Artigo 3

A Organización Galega de Comunidades de montes veciñais en man común constitúese cos seguintes fins:

1) A defensa do monte veciñal en comunidade xermánica como realidade singular de Galicia, en tódolos aspectos, e especialmente no xurídico-legal, económico, social e medio- ambiental.

2) A esixencia a tódolos organismos públicos e privados, e especialmente á Administración galega, do cumprimento da lexislación vixente sobre o monte veciñal.

3) A toma de decisións en común ante os problemas, de calquera índole, que afectan á propiedade veciñal. Tamén o posicionamento común das comunidades de montes de Galicia ante as iniciativas legislativas, políticas, sociais ou económicas que afecten no futuro á titularidade, usufructo ou explotación dos recursos do monte veciñal.

4) Servir de voceiro das comunidades ante organismos públicos e privados sobre tódolos aspectos que incidan na situación da propiedade veciñal, na política forestal e na lexislación colateral.

5) A loita pola devolución dos montes veciñais en man común ós seus lexítimos donos.

6) A defensa da vocación histórica do monte veciñal.

7) O fomento dun sentimento de apoio e solidariedade entre as comunidades de montes.

8) Promover a creación de mancomunidades de montes veciñais en man común de base territorial inferior.

9) Promover o recoñecemento da parroquia como entidade xurídico-administrativa no marco xeral do ordenamento do territorio galego.

## Capítulo III

### Sobre os obxectivos específicos

#### Artigo 4

Para o cumprimento dos fins referidos no artigo anterior, a Organización Galega de Comunidades de montes veciñais en man común terá os seguintes obxectivos específicos:

a) Facilitar asesoramento legal, xurídico, técnico e administrativo ás comunidades de montes integradas e ás xuntas rectoras provisionais.

b) Promover o intercambio de experiencias que contribúan á formación técnica dos directivos de comunidades de montes, á formación social dos veciños comuneiros e ó aproveitamento do monte.

c) Organización de xornadas técnicas sobre cuestións que afectan ó monte veciñal en man común: fiscalidade, xestión administrativa, aproveitamento de recursos, produtos forestais, pastoreo, etc.

d) Edición dunha revista de información para tódalas comunidades.

e) Organización das futuras edicións do Congreso Galego de Comunidades de montes.

f) A arbitrase voluntaria e amigable entre comunidades de montes con desacordos, sen prexuízo da esixencia á Administración da constitución dun Tribunal de Arbitrase, así como a defensa do monte veciñal fronte a particulares.

g) Todas aquelas actividades que se programen para o mellor cumprimento dos fins da Organización.

## Capítulo IV

### Sobre os membros

**Artigo 5** Poderán ser membros plenos da Organización Galega de comunidades de montes veciñais en man común todas aquelas comunidades de montes legalmente constituídas no territorio galego. As comunidades de montes integradas en mancomunidades ou outras organizacións de ámbito territorial inferior serán membros da Organización a título individual.

#### **Artigo 6**

Poderán ser membros con voz e sen voto as comunidades de montes que contén con xunta rectora provisional. A súa solicitude deberá ser aprobada pola Asemblea Xeral da Organización.

#### **Artigo 7**

As comunidades de montes veciñais en man común integradas na Organización manterán o seu funcionamento individual con independencia, delegando só na Organización as competencias recollidas nestes estatutos ou as que se establezan por acordo xeral da Organización.

## Capítulo V

### Sobre a adquisición da condición de membro

#### **Artigo 8**

A condición de membro, con pleno dereito á participación nos órganos de goberno e uso dos servizos da Organización, adquirese tralo cumprimento dos seguintes trámites:

1) Aprobación pola Asemblea Xeral da comunidade do acordo de integración na Organización aceptando os estatutos da mesma.

2) Solicitude por escrito da Xunta Rectora da comunidade á Xunta Rectora da Organización.

## Capítulo VI

### Sobre perda da condición de membro

#### **Artigo 9**

a- A condición de membro pérdese por calquera das seguintes causas:

1) Acordo da asemblea xeral da comunidade de abandonar a Organización.

2) Incumprimento dos presentes estatutos.

3) Incumprimento por parte da comunidade de acordo aprobado na Asemblea Xeral da Organización.

4) Impago da cota anual sen causa xustificada.

b- A perda da condición de membro non dá dereito á devolución das cotas aportadas.

## **Artigo 10**

a- A perda efectiva da condición de membro irá precedida da apertura dun expediente, o que garantiza o dereito á defensa pola comunidade afectada.

b- Namentres non sexa efectiva a perda da condición de membro, a comunidade veciñal manterá a condición de membro pleno da Organización.

## **Artigo 11**

A perda da condición de membro non impedirá unha nova adquisición cando se resolvan as causas que a motivaron. A nova integración deberá ser aceptada previamente pola Asemblea Xeral de Comunidades.

# Capítulo VII

## Sobre os dereitos e obrigas dos membros

### **Artigo 12**

Ademais dos que resulten dos restantes preceptos destes estatutos, son dereitos do membro:

- 1) Exercer o dereito de voz e voto nas asembleas da Organización.
- 2) Elixir e ser elixido para os órganos de goberno da Organización.
- 3) Dirixirse cando o estime oportuno á Xunta Rectora e á Asemblea Xeral da Organización.
- 4) Demitir de calquera cargo que ostente na Organización.
- 5) Impugnar os acordos conforme ó disposto nestes estatutos e a lexislación vixente.
- 6) Recibir información das disposicións de carácter legal que se publiquen e que afecten ós montes veciñais en man común.
- 7) Recibir información de tódolos datos que lle interese coñecer sobre a marcha da Organización e formular os reparos que considere precisos.
- 8) Participar nas actividades programadas e servicios ofrecidos pola Organización, de acordo coas normas aprobadas pola Asemblea Xeral.
- 9) Recibir a revista da Organización.
- 10) Tódolos demais que deriven da súa condición de membro.

### **Artigo 13**

Son obrigas de todos e cada un dos membros, as seguintes:

- 1) Enviar representantes ás xuntanzas da Asemblea Xeral de Comunidades ás que fose convocado en tempo e forma.
- 2) Cumprir os presentes estatutos e os acordos que saian da Asemblea Xeral da Organización.
- 3) Desempeñar con dilixencia os cargos para os que fosen designados.
- 4) Efectuar o pagamento das cotas que pola Asemblea Xeral se fixen dentro dos prazos establecidos polos presentes estatutos.
- 5) Comunicar ós órganos de goberno da Organización a composición da Xunta Rectora e outros datos estadísticos da comunidade que se lle requiran.
- 6) Favorecer o bo funcionamento da Organización e os seus órganos de goberno en tódolos aspectos.
- 7) Tódalas demais que resulten da aplicación da lexislación vixente, dos presentes Estatutos e do desenvolvemento funcional da Organización aprobado en Asemblea Xeral.

## Capítulo VIII

### Sobre o reparto de cargas

#### **Artigo 14**

As cotas da Organización serán anuais e aprobadas en Asemblea Xeral a proposta da Xunta Rectora. A primeira cota será pagada por cada comunidade no intre de formalizar a súa integración e será igual á cota anual correspondente, independentemente do mes no que se integre.

#### **Artigo 15**

A cota anual deberá ser satisfeita polas comunidades no derradeiro trimestre de cada ano.

#### **Artigo 16**

Se excepcionalmente algunha comunidade de montes veciñais demostrase claramente a súa imposibilidade de pagar a cota anual, poderá quedar exenta da mesma se así o aproba a Asemblea Xeral da Organización. Esta exención non impide o disfrute pola comunidade de tódolos dereitos como membro da Organización e será temporal, pois rematará no momento en que a situación económica da comunidade posibilite o pagamento da cota anual.

#### **Artigo 17**

As comunidades de montes que soamente dispoñan de xunta provisional quedarán exentas do pago da cota anual mentres non se constituía a xunta rectora da comunidade.

### **Artigo 18**

Os presupostos extraordinarios aprobados en Asemblea Xeral Extraordinaria serán sufragados polas comunidades integradas do xeito que a propia Asemblea estableza.

## **Capítulo IX**

### **Sobre os órganos de goberno**

#### **Artigo 19**

O goberno e administración da Organización realizarase por:

-A Asemblea Xeral de Comunidades.

-A Xunta Rectora.

## **Capítulo X**

### **Sobre a Asemblea Xeral de Comunidades**

#### **Artigo 20**

A Asemblea Xeral de Comunidades é o órgano supremo da Organización, que expresa a vontade da mesma e está composta por tódalas comunidades integradas, que deberán constar no correspondente libro de rexistro.

#### **Artigo 21**

A Asemblea Xeral reunirase en sesión ordinaria unha vez ó ano nos tres primeiros meses do mesmo. Nela darase contas do exercicio económico anterior, que se contabilizará por anos naturais, do presuposto do exercicio en curso e das altas e baixas de comunidades integradas.

#### **Artigo 22**

Serán extraordinarias tódalas demais xuntanzas que se convoquen polo Presidente, a solicitude da Xunta Rectora ou do 20% das comunidades integradas.

#### **Artigo 23**

As convocatorias da Asemblea Xeral, tanto en xuntanza ordinaria como extraordinaria, serán efectuadas polo Presidente da Organización, que tamén ostenta o cargo de Presidente da Xunta Rectora, mediante escrito que realizará o Secretario, no que se incluírá o lugar, data e hora na que ha celebrarse, en primeira e segunda convocatoria, o seu carácter ordinario ou extraordinario, e incluíndo a orde do día cos asuntos a tratar.

#### **Artigo 24**

A convocatoria á que se refire o apartado anterior publicarase nos medios de comunicación social e comunicarse cun mes de antelación á data de celebración mediante notificación escrita certificada con acuse de recibo ás xuntas rectoras de tódalas comunidades integradas.

#### **Artigo 25**

Para a validez dos acordos requirírase, en primeira convocatoria, a asistencia dos representantes da maioría das comunidades integradas, e en segunda convocatoria cando menos os representantes do 20 % das mesmas. Entre a primeira e a segunda convocatorias deberá transcorrer media hora.

#### **Artigo 26**

As comunidades integradas poderán estar representadas por tódolos membros das súas xuntas rectoras, cun máximo de membros por comunidade se así se considerase necesario por razóns de operatividade.

#### **Artigo 27**

Os representantes das comunidades deberán presentar previamente ó comenzo de cada Asemblea Xeral certificación da xunta rectora da comunidade do acordo do seu nomeamento. Tódolos membros da Asemblea Xeral terán voz. O voto será individual por comunidade, emitido polo delegado de cada unha, que será designado por cada xunta rectora, antes de comenzo da asemblea, entre os seus membros. Tamén se acepta que o delegado dunha comunidade non sexa membro da súa xunta rectora, inda que deberá contar coa súa autorización e ser comuneiro da mesma.

#### **Artigo 28**

Menos nos casos tipificados expresamente na actual lexislación ou nos presentes Estatutos, os acordos para a súa validez deberán ser aprobados pola maioría dos asistentes. Estes acordos constituirán a postura oficial da Organización, pero respectaránse as opinións minoritarias e permitirase a discrepancia pública.

#### **Artigo 29**

Calquera comunidade integrada poderá incluír, nun punto específico da orde do día das asembleas xerais ordinarias, as propostas que considere oportunas para o seu debate, sen máis condición que a de poñelo en coñecemento do Presidente da Asemblea antes do comenzo da sesión.

### **Artigo 30**

A documentación dos asuntos que figuran na orde do día das asembleas poderá ser revisada polas comunidades integradas unha hora antes do comenzo da sesión ou ben solicitando copia por escrito con 15 días de antelación.

### **Artigo 31**

Do resultado da xuntanza redactarase a correspondente acta polo Secretario, na que deberá constar a decisión da maioría sobre cada un dos temas tratados, expresando claramente o resultado das votacións efectuadas e, cando algún asistente así o solicitara, farase constar a súa opinión, o seu nome e apelidos e a comunidade á que representa.

### **Artigo 32**

Unha copia da acta de cada asemblea xeral será remitida a tódalas comunidades integradas no prazo máximo de dous meses.

### **Artigo 33**

Son competencias da Asemblea Xeral Ordinaria de Comunidades:

- 1- A elección da Xunta Rectora da Organización e dos seus cargos.
- 2- A ratificación do ingreso de novas comunidades que reúnan os requisitos necesarios.
- 3- A aceptación do ingreso de comunidades de montes con xuntas provisionais.
- 4- A aprobación das cotas anuais, a proposta da Xunta Rectora.
- 5- A aprobación dos presupostos anuais, convenios e as contas do exercicio anual.
- 6- O arredamento de comunidades de montes integradas.
- 7- Decidir, mediante votación, a postura oficial da Organización sobre calquera cuestión relacionada coa propiedade veciñal en man común.
- 8- Aprobar o plano xeral anual de actividades presentado pola Xunta Rectora.
- 9- Aprobar a celebración dos sucesivos congresos galegos de comunidades de montes.
- 10- Ratificación ou rectificación de tódolos acordos da Xunta Rectora que se consideren prexudiciais ou contrarios a outros da Asemblea Xeral.
- 11- Resolver as reclamacións previas á vía xudicial contra os acordos adoptados pola propia Asemblea Xeral e a Xunta Rectora.



12- Colaborar con entidades españolas ou da Unión Europea que teñan fins semellantes.

13- Cantas competencias lle foran atribuídas pola lexislación vixente ou a que se dicte no futuro, e cantas outras lles atribúan os presentes Estatutos, especialmente no exercicio de voto e elección de cargos da Organización.

#### **Artigo 34**

Son competencias da Asemblea Xeral Extraordinaria de Comunidades:

1- A reforma dos Estatutos da Organización.

2- A aprobación de cuestións propias da Asemblea Xeral Ordinaria, cando na mesma non puidera terse realizado.

3- A aprobación de presupostos e cotas extraordinarias.

4- A toma de acordos considerados de urxencia.

## **Capítulo XI**

### **Sobre a Xunta Rectora**

#### **Artigo 35**

A administración e xestión da Organización corresponde á Xunta Rectora, que estará constituída por:

- O Presidente
- O Vicepresidente
- O Secretario
- O Vicesecretario
- O Tesoureiro
- O Viceteseureiro
- O responsable de comunicación social
- O responsable de comunicación interna
- O Coordinador Xeral
- Os vocais

#### **Artigo 36**

a- Os cargos teñen unha duración de tres anos e son honoríficos e gratuítos, sufragando a Organización os gastos derivados da súa xestión. Serán substituídos por outros, do xeito que se estipula máis adiante, nos seguintes casos:

- 1) Falecemento ou incapacidade de obrar.
- 2) Perda da condición de comuneiro da súa comunidade.
- 3) Renuncia voluntaria.
- 4) Remoción por Asemblea Xeral extraordinaria.

b- No caso de baixa ou renuncia do Presidente, ocupará as súas funcións o Vicepresidente con carácter provisional ata a terminación do mandato, tendo que ser ratificado pola primeira Asemblea Xeral que se celebre. No caso de que a Asemblea Xeral non acepte a substitución ou de que máis dun tercio da Xunta Rectora acorde presentar a súa renuncia, o Presidente deberá convocar Asemblea Xeral para a celebración de novas eleccións. Do mesmo xeito se procederá en caso de dimisión do Secretario ou do Tesoureiro, que serán substituídos respectivamente polo Vicesecretario ou o Viceteseureiro.

c- Cando as baixas supoñan a imposibilidade de cubrir os cargos de Presidente, Secretario ou tesoureiro, procederáse á elección dunha nova Xunta Rectora.

d- No caso de baixa ou renuncia de calquera outro membro da Xunta Rectora, os seus postos quedarán sen cubrir deica a finalización do mandato.

### **Artigo 37**

Os vocais da Xunta Rectora, en número indeterminado, serán elixidos en base a criterios territoriais aprobados en Asemblea Xeral da Organización a proposta da Xunta Rectora.

### **Artigo 38**

As mancomunidades de montes de base territorial inferior que teñan comunidades integradas na Organización, poderán designar un representante da mesma que formará parte da Comisión de Coordinación, informando de tal elección á Asemblea Xeral.

### **Artigo 39**

A Comisión de Coordinación á que fai referencia o artigo anterior terá carácter estable e estará formada polo Coordinador Xeral, os vocais e os representantes das mancomunidades de base territorial inferior.

### **Artigo 40**

A Xunta Rectora poderá nomear comisións de traballo para a mellor atención de certos aspectos da situación do monte veciñal, para a elaboración de informes sobre a súa problemática ou cumprir misións específicas dentro da Organización. Estas comisións estarán presididas por un membro da Xunta Rectora e poderán estar compostas por membros da Asemblea Xeral e, no seu caso, de asesores cualificados. Da súa creación e disolución deberá ser informada a Asemblea Xeral de Comunidades.

#### **Artigo 41**

A Xunta Rectora reunirse en sesión ordinaria obrigatoriamente, cando menos, unha vez por trimestre e en sesión extraordinaria cando o dispoña o Presidente ou o pida como mínimo o 20% dos seus membros.

#### **Artigo 42**

Para que fique validamente constituída a reunión da Xunta Rectora, deberán asistir como mínimo a maioría dos seus membros e en tódolos casos o Presidente ou, coa súa delegación, o Vicepresidente. Os acordos adoptaranse por maioría. A asistencia ás reunións da Xunta Rectora será sempre persoal, sen que se admitan delegacións.

#### **Artigo 43**

Son funcións da Xunta Rectora:

- 1- A execución dos acordos da Asemblea Xeral da Organización.
- 2- A presentación á Asemblea Xeral das solicitudes de ingreso de novas comunidades para a súa ratificación.
- 3- A presentación á Asemblea Xeral da proposta de cotas ordinarias e extraordinarias.
- 4- A realización e presentación á Asemblea Xeral de presupostos, proxectos e balances.
- 5- Facer xestións e pagamentos de diñeiro, non incluídos nos presupostos aprobados, ata un total de cincocentas mil pesetas en cada exercicio anual, dando conta polo miúdo á Asemblea Xeral Ordinaria seguinte.
- 6- A creación de comisións temporais de traballo para cumprir os acordos da Asemblea Xeral ou mellorar o funcionamento da Organización.
- 7- A esixencia ás comunidades de montes das súas obrigas como membros da Organización.
- 8- A realización da revista de información.
- 9- En xeral, administrar a Organización e exercitar as funcións que delegue a Asemblea Xeral ou impoñan os presentes Estatutos.

#### **Artigo 44**

O Presidente da Organización ostenta a representación legal da mesma. Convoca e preside as reunións da Asemblea Xeral e da Xunta Rectora.

#### **Artigo 45**

O Vicepresidente substituirá ó Presidente na súa ausencia ou en asuntos de representación e axudarao nas súas funcións.

#### **Artigo 46**

O Secretario é o encargado de redactar as actas da Asemblea Xeral e da Xunta Rectora, expedir certificacións e outros documentos co visto e praxe do Presidente. Así mesmo custodia os libros de actas e inventarios, rexistro de membros, arquivos e, en xeral, toda a documentación da Organización. Tamén redacta as convocatorias e a memoria anual da Asemblea Xeral.

#### **Artigo 47**

O Vicesecretario substituirá ó Secretario na súa ausencia, asistiráo nas súas funcións e exercerá aquelas que nel delegue.

#### **Artigo 48**

O Tesoureiro leva o libro de contas e custodia os fondos económicos da Organización, realizando pagamentos e cobros, e controla os ingresos e gastos da institución. Levará a cabo a cobranza das cotas ós membros.

#### **Artigo 49**

O Viceteseureiro substituirá ó Tesoureiro na súa ausencia, asistiráo nas súas funcións e exercerá aquelas que nel delegue.

#### **Artigo 50**

Os fondos económicos da Organización contarán con tres sinaturas recoñecidas na entidade bancaria. A disposición dos fondos poderase realizar co aval conxunto de dúas sinaturas, unha delas a do Tesoureiro.

#### **Artigo 51**

O responsable de comunicación social é o encargado das roldas e notas de prensa, así como doutros actos e campaña de propaganda e imaxe da Organización.

#### **Artigo 52**

O responsable de comunicación interna ten ó seu cargo as relacións coas comunidades integradas a través de circulares e comunicados. Así mesmo leva a dirección da revista de información.

### **Artigo 53**

O Coordinador Xeral preside a Comisión de Coordinación, á cal traslada os proxectos da Xunta Rectora e da que recolle as actividades e propostas dos vocais e representantes das mancomunidades para trasladar á Xunta Rectora.

### **Artigo 54**

Os vocais desempeñarán as funcións que lle sexan asignadas pola Xunta Rectora, entre as que poderán estar a implantación da Organización nas comarcas do seu ámbito e impulsar a constitución de mancomunidades de montes nas zonas nas que non existan.

## **Capítulo XII**

### **Sobre a responsabilidade dos órganos de goberno**

#### **Artigo 55**

A Asemblea Xeral será responsable ante as comunidades integradas da boa marcha da Organización e do cumprimento das súas obrigas, dos presentes Estatutos, da Lei de Montes Veciñais en Man Común e do seu Regulamento, e da demais lexislación vixente aplicable.

#### **Artigo 56**

A mesma responsabilidade afecta á Xunta Rectora, tanto no que atinxe ós asuntos da súa competencia como ós que lle encomende a Asemblea Xeral, e dos danos e perdas que cause á Organización por culpa, engano, negligencia ou morosidade na súa actuación. A súa responsabilidade é colexiada, a non ser que algún dos seus membros traspase os lindes das facultades que lle fosen outorgadas e actúe a nivel persoal con terceiros, pois neste caso esixiráselle responsabilidade individual.

## **Capítulo XIII**

### **Sobre a impugnación dos acordos dos órganos de goberno**

#### **Artigo 57**

Os acordos da Asemblea Xeral contrarios á Lei de Montes Veciñais en Man Común e ó seu Regulamento, os que crebanten os presentes Estatutos e os non axeitados ós intereses xerais da Organización poden ser recorridos por calquera das comunidades integradas dentro dos 15 días naturais seguintes no caso de que o representante da tal comunidade asistise á Asemblea na que se tomou o acordo, e tres meses se non asistiu á mesma, debendo resolver a Asemblea Xeral sobre o devandito recurso dentro dos dous meses seguintes á súa presentación. Tal resolución poderá ser recorrida perante a xurisdicción ordinaria dentro dos dous meses seguintes.

### **Artigo 58**

Se se trata de acordos da Xunta Rectora que adoezan dos mesmos defectos dos que trata o artigo anterior, poden ser impugnados polas comunidades integradas que se consideren prexudicadas ante a Asemblea Xeral no prazo dun mes desde a súa publicación, e a súa resolución pode ser impugnada do xeito previsto no artigo anterior.

### **Artigo 59**

Se a comunidade de montes que quere presentar unha impugnación demostrase que non tivo información do acordo da Xunta Rectora dentro do prazo para a presentación da mesma, poderá presentala na Asemblea Xeral seguinte.

## **Capítulo XIV**

### **Sobre as eleccións**

#### **Artigo 60**

a- Para a primeira elección da Xunta Rectora convocarase Asemblea Xeral pola Xunta Xestora da Organización cando menos con trinta días de antelación á data de celebración. Con tódalas comunidades asistentes realizarase o primeiro censo de comunidades.

b- A Mesa Electoral estará integrada polo asistente máis vello como Presidente e o asistente máis novo como Secretario, que non formen parte de ningunha candidatura. As candidaturas que concorran poderán nomear cadanseu interventor, sempre que non formen parte de candidatura algunha.

c- Tódalas candidaturas deberán ser presentadas inmediatamente despois de constituirse a mesa electoral. Cada candidatura non deberá incluír máis dun membro dunha comunidade de montes e deberá facer constar o cargo ó que opta cada aspirante.

#### **Artigo 61**

Tódalas comunidades de montes integradas serán electores, baixo o principio dun voto por comunidade, exercido polo delegado da mesma. Son elexibles tódolos membros da Asemblea Xeral da Organización, tanto representantes como delegados das comunidades.

#### **Artigo 62**

a- A votación será por sufraxio universal directo e secreto. Resultará elixida a candidatura que maior número de votos obteña, sempre que supere o número de abstencións. En caso de empate entre dúas candidaturas, realizarase unha nova votación entre elas para escoller a elixida.

b- Se soamente hai unha candidatura presentada, a votación poderá ser a man alzada, e a candidatura será elixida se obtén maior número de votos a favor que en contra.

c- Se ningunha candidatura obtén os requisitos para ser elixida, a Xunta Xestora da Organización iniciará un novo proceso electoral e convocará nova Asemblea Xeral no prazo máximo dun mes.

### **Artigo 63**

Para as demais eleccións, o Presidente da Organización convocará Asemblea Xeral de Comunidades para elixir ós membros que compoñan a nova Xunta Rectora. A convocatoria incluírá lugar, día e hora para a celebración da elección.

### **Artigo 64**

a- A Xunta Rectora designará de entre os representantes das comunidades, por sorteo, para compoñer a Mesa Electoral, ó Presidente da mesma, ó Secretario e un máximo de catro vocais, así como seis suplentes e obter a sucesiva aceptación dos designados para o desempeño do cargo.

b- A designación efectuada e a aceptación manifestada para o desempeño deste cometido é renunciábel soamente por imposibilidade ou causa de necesidade xustificada.

### **Artigo 65**

A Asemblea Xeral para a elección de nova Xunta Rectora convocarase cando menos con tres meses de antelación á data de celebración e mediante notificación escrita con certificación aberta a cada unha das comunidades incritas no censo de membros. Tamén se deben incluír as normas que rexerán no proceso, a composición da Mesa Electoral cos suplentes e a relación de comunidades integradas co enderezo e teléfono de contacto.

### **Artigo 66**

A Mesa Electoral, no desenvolvemento das súas responsabilidades, velará pola igualdade de oportunidades para tódalas candidaturas. A Organización correrá cos gastos da realización das papeletas electorais.

### **Artigo 67**

a- As distintas candidaturas depositaranse para a súa formalización ante a secretaría da Mesa Electoral, presentadas por calquera dos seus compoñentes en escrito no que figure a composición da mesma e os cargos ós que cadaquén aspire, dentro dos dous meses seguintes ós da data da convocatoria. Cada candidatura non deberá incluír máis dun membro dunha comunidade de montes.

b- A Mesa Electoral notificará ás candidaturas con defectos de forma, dentro dos 3 días seguintes ó remate do prazo anterior e en escrito certificado, as deficiencias para a súa rectificación, dándolle un período dunha semana para facelo. Unha vez superados estes prazos comunicará, a tódalas comunidades integradas, as candidaturas presentadas que cumpren os requisitos legais.

### **Artigo 68**

As candidaturas poderán designar cadanseu interventor, que non será candidato a ningún dos cargos, e que estará presente na mesa electoral para que fiscalice a transparencia das eleccións. O proceso electoral desenvolverase conforme ás normas contidas nos artigos 61 e 62.

### **Artigo 69**

a- Calquera incidente ou recurso que se presente durante a celebración das eleccións será resolto pola Asemblea Xeral unha vez rematado o escrutinio dos votos e recollido na acta a levantar polo secretario da mesa electoral.

b- Esta resolución poderá ser impugnada ante a xurisdicción ordinaria dentro dos dous meses seguintes, sen que sexa de aplicación no presente caso o disposto no artigo 59 dos presentes Estatutos.

### **Artigo 70**

Unha vez resoltos os recursos ós que se refire o artigo anterior e finalizado o escrutinio, a Asemblea Xeral ratificará a validez da elección, do escrutinio e do recuento de votos, procedendo de seguido a declarar electa como nova Xunta Rectora á candidatura que acadase o maior número de votos, a cal tomará posesión nese momento. O traspaso de documentación realizarase nun prazo máximo de 15 días.

## **Capítulo XV**

### **Sobre a lingua da Organización**

#### **Artigo 71**

O idioma galego é a lingua de uso da Organización nas súas relacións internas e externas, así como da súa documentación. Respetarase o uso individual doutra lingua.

## **Capítulo XVI**

### **Sobre a modificación dos Estatutos e a disolución da Organización**

#### **Artigo 72**

A modificación total ou parcial dos presentes Estatutos realizarase a proposta da Xunta Rectora ou do 30 % das comunidades integradas. Deberá ser aprobada en Asemblea Xeral Extraordinaria polo voto favorable da maioría dos presentes.



### **Artigo 73**

A Organización de comunidades de montes veciñais en man común poderá disolverse en Asemblea Xeral Extraordinaria co mesmo procedemento previsto no artigo anterior. No caso de disolución, o patrimonio da Organización será repartido entre as comunidades de montes integradas do xeito que a mesma Asemblea determine, sen que en ningún caso supoña a entrega ás mesmas de cantidade monetaria algunha.

### **Disposición final única**

a- No non previsto nos presentes Estatutos será de aplicación o estipulado na Lei 13/1989 de Montes Veciñais en Man Común, o Regulamento 260/92, a lexislación vixente aplicable ó monte veciñal, e no seu defecto o costume inveterado como fonte especial do dereito foral galego en virtude do Artigo 38.1 do Estatuto de Autonomía de Galicia.

b- O presentes Estatutos surtirán efecto despois de ser aprobados pola Asemblea Xeral da Organización e remitidos á Secretaría Xeral de Montes Veciñais en Man Común por duplicado e con certificación do secretario da Xunta Xestora da Organización de ter sido aprobados, xunto coa relación das comunidades de montes integradas. Os presentes Estatutos entrarán en vigor ó día seguinte da súa recepción polo antedito organismo.

### **Disposición adicional única**

Cada comunidade de montes integrada na Organización recibirá unha copia dos presentes Estatutos no momento da súa integración